

# Concello de Mondariz

**Expediente núm.:** 1172/2024

**Resolución de Alcaldía**

**Procedemento:** Contratacións.

**Asunto:** acordo de non adxudicación de contrato

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes:

1.- O Concello de Mondariz, como concello asociado no GRD Condado Paradanta, solicitou unha subvención a AGADER ó abeiro das AXUDAS LEADER. PDR DE GALICIA 2014-2020 para a creación dun CENTRO DE INTERPRETACIÓN INTERACTIVO DA CESTERÍA DE MONDARIZ para o cal encarga a redacción dunha memoria técnica valorada do proxecto a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Mera González que asina con data 28/05/2024 (última versión) e que contempla o seguinte orzamento desagregado:

### CUADRO RESUMEN DE GASTOS DE INVERSION TOTALES

	PEM	GG+BI	Importe	21% IVA	TOTAL €
<b>Obra civil</b>	46.929,93	8.916,63		11.727,79 €	67.574,41
<b>Equipos informáticos</b>			36.367,11	7.637,09	44.004,20
<b>Mobiliario</b>			4.191,36	880,19	5.071,55
<b>Honorarios desarrollo de contenido</b>			11.470,95	2.408,90	13.879,85
<b>Honorarios redacción de proyecto</b>			2.055,61	431,68	2.487,29
<b>Honorarios dirección de obra</b>			1.233,36	259,01	1.492,37
<b>Honorarios coordinación SS</b>			364,35	76,51	440,86
<b>TOTAL</b>					<b>134.950,52</b>

2.- Se dicta Resolución por parte da Directora Xeral de AGADER en data 07/08/23 e recibida neste Concello en data 09/08/2023 (registro de entrada 2023-E-RC-1792) sobre a concesión dunha subvención para execución do proxecto "CREACION DUN CENTRO DE INTERPRETACION INTERACTIVO DA CESTERÍA EN MONDARIZ" ó abeiro da medida LEADER do PDR de Galicia 2014-2020 (convocatoria 2023-2024/submedida 19.2) que literalmente acorda:



# Concello de Mondariz

Conceder ao Concello de Mondariz unha axuda con cargo a submedida 1920 ( apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) do PDR de Galicia 2014-2020 de acordo coas condicións que a seguir se indican:

Código expediente	L23 - 1920 - 13 - 0224	Procedemento	MR701D
Beneficiario	Concello de Mondariz	NIF	P3603000E
Proxecto	2016 00001	Referencia	2022.14.01563
Aplicación orzamentaria	14.A1.712A.760.0	Importe Total	76.728,76 €

3.O importe da subvención, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 , código de proxecto 2016 00001 e a % de axuda desagregado por fontes de financiamento é o seguinte

Orzamento aceptado	134.950,52 €			
% Axuda	84,67 %			
Importe da axuda	76.728,76 €	<i>Distribución por fondos</i>		
		FEADER	75,00%	57.546,57 €
		MAPA	2,50%	1.918,22 €
		AGADER	22,50%	17.263,97 €

O importe da axuda distribuirase en anualidades do seguinte xeito:

ANO	TOTAL SUBVENCIÓN (%)	IMPORTE (€)
2023	20,00 %	15.345,75 €
2024	80,00 %	61.383,01 €
<b>TOTAL</b>		<b>76.728,76 €</b>

Esta axuda cofinanciase polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020, e encádrase na prioridade ou área focal 6B (promover o desenvolvemento local nas zonas rurais).

3.- Por Resolución de Alcaldía nº 397 de data 03/06/2024 se aproba proxecto técnico para a obra do CENTRO DE INTERPRETACIÓN INTERACTIVO DA CESTERIA DE MONDARIZ (asinado dixitalmente con data 13/05/2024) elaborados pola Arquitecta Dna. María Jesus Mera González

4.- Se dicta resolución de concesión de axuda da Presidencia da Deputación de Pontevedra de data 14/06/24 para a execución do proxecto de creación dun centro de interpretación da cestería en Mondariz, rexistro de entrada no Concello de Mondariz 2024-E-RC-1337, pola que se concede unha axuda de 53.381,76 euros a este concello, dentro do Plan + Provincia 2024.

5.- Informe do técnico municipal de data 25/06/2024 no que se informa a comprobación do proxecto así como as autorización sectoriais precisas:

*“Visto o proxecto técnico, ao tratarse de obras de reforma interior dunha edificación existente, non son necesarias autorizacións sectoriais previas”.*

6.-Á vista das características e do importe do contrato óptase pola adxudicación mediante procedemento aberto simplificado abreviado:

"CENTRO DE INTERPRETACIÓN INTERACTIVO DA CESTERIA DE MONDARIZ"			
Procedemento: aberto ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (159.6 LCSP)		Tramitación: ordinaria	Tipo de contrato: obras
Clasificación CPV: 45200000-9 Trabajos	Acepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non	Acepta variantes: Non



# Concello de Mondariz

generales de construcción de inmuebles y obras de ingeniería civil.			
Orzamento base de licitación(IVE excl.): 60.037,98 €	Impostos: 12.607,98 €	Total OBL (IVE incl.): 72.645,96 €	
Valor estimado do contrato: 60.037,98 €			
prazo execución: 12 semanas			
Garantía provisional: Non	Garantía definitiva:non	Garantía complementaria: Non	

7.- Tras unha primeira licitación recollida non expediente 781/24, en data 31/07/24 mediante Resolución de Alcaldía nº 661 acordábase a adxudicación do contrato de obra "CENTRO DE INTERPRETACIÓN INTERACTIVO DÁ CESTERIA DE MONDARIZ" condicionada á previa presentación da documentación esixida de conformidade co artículo 159.4.f) LCSP no prazo de 7 días hábiles por parte da empresa proposta VLA CONSTRUCCIÓN TECNICAS S.L. - VALTEC.

8.- O 12/08/24 e con rexistro de entrada nº 2024-E-RE-1017, VLA CONSTRUCCIÓN TECNICAS S.L (VALTEC) presenta un escrito de renuncia á adxudicación da obra retirando así a súa oferta:

*"Realizado a análise de execución de obra e a data límite culminación da mesma e tomando en conta o volume de traballo actual da empresa, non vemos realista realizar a obra para dentro do prazo ofertado. Por tanto, debido ao anteriormente descrito a empresa VLA CONSTRUCCIÓN TECNICAS S.L. renuncia expresamente á adxudicación e execución do contrato xa identificado."*

9.- Á vista de que non é posible solicitar a documentación a outro licitador por ser o licitador proposto o único que concorreu á licitación e vista a renuncia do mesmo á adxudicación do contrato, en data 03/09/24 se declara deserta a licitación nº 781/24 e se acorda iniciar un novo expediente de licitación para a contratación da obra "CENTRO DE INTERPRETACIÓN INTERACTIVO DA CESTERIA DE MONDARIZ" mediante procedemento aberto simplificado abreviado (159.6 LCSP) coas mesmas características.

10.- Visto informe de fiscalización previa á aprobación do gasto emitido en data 03/09/2024 pola Interventora municipal no que se sinala:

*"Antes da adxudicación do contrato se comprobará por parte desta intervención a concesión da citada prórroga do prazo de execución por parte de AGADER, emitindo informe de reparo na fiscalización previa no caso de non contar coa citada ampliación de prazo".*

11.- Mediante resolución de Alcaldía de data 04/09/2024 se acorda aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, tramitación ordinaria para a execución das obras de "CENTRO DE INTERPRETACIÓN INTERACTIVO DA CESTERIA DE MONDARIZ", convocando a súa licitación.

12.- Que tras a apertura automática mediante dispositivo electrónico das proposicións presentadas na licitación de obra n.º 1172/24, concurren as seguintes empresas:

- NIF: B94106663 ZONA DE OBRA O ROSAL SL Fecha de presentación: 13-09-2024 a las 10:33 horas.

Visto o prazo de execución ofertado (6 semanas) polo único licitador e o prazo límite para xustificar a anualidade 2024 ante AGADER (15/10/24), se pon de manifestó a imposibilidade de garantir a execución das obras dentro do prazo de xustificación da subvención que financia a inversión, salvo que AGADER concedera unha ampliación do prazo suficiente para a execución. A solicitude de ampliación de prazo foi solicitada polo Concello de Mondariz o 12 de agosto non obtendo resposta favorable do citado organismo a día de hoxe.

Polo tanto, non poderá procederse a adxudicar o contrato ante a falta de resolución favorable á solicitude de ampliación de prazo solicitada por este Concello a AGADER, por razóns de interese público pola imposibilidade de xustificar a subvención en prazo e a consecuente perda da mesma e co obxecto de evitar un quebranto na Facenda Municipal.



# Concello de Mondariz

---

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 152 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.** Non adjudicar o contrato de obra “CENTRO DE INTERPRETACIÓN INTERACTIVO DA CESTERIA DE MONDARIZ” que foi obxecto de licitación no expediente nº 1172/2024, por razóns de interese público derivadas da imposibilidade de xustificar a subvención concedida por AGADER no prazo sinalado e a consecuente perda da mesma e co obxecto de evitar un quebranto na Facenda Municipal, ante a falta de resolución favorable á solicitude de ampliación de prazo solicitada por este Concello a AGADER.

**SEGUNDO.** Notificar a os licitadores a presente Resolución así como os recursos procedentes.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



C/ Merouces, 16. Mondariz. 36870. Pontevedra  
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006  
e-mail: info@mondariz.gal

